

PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA LOMLOE

Centro educativo

| Código | Centro | Concello | Ano académico |
|----------|--------------|-----------|---------------|
| 15018148 | CPI de Atios | Valdoviño | 2023/2024 |

Área/materia/ámbito

| Ensinanza | Nome da área/materia/ámbito | Curso | Sesións semanais | Sesións anuais |
|--------------------|-----------------------------|---------|------------------|----------------|
| Educación primaria | Música e danza | 1º Pri. | 1 | 35 |

| Réxime |
|------------------------|
| Réxime xeral-ordinario |

| Contido | Páxina |
|---|---------------|
| 1. Introdución | 3 |
| 2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias | 3 |
| 3.1. Relación de unidades didácticas | 4 |
| 3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas | 5 |
| 4.1. Concrecións metodolóxicas | 10 |
| 4.2. Materiais e recursos didácticos | 11 |
| 5.1. Procedemento para a avaliación inicial | 12 |
| 5.2. Criterios de cualificación e recuperación | 12 |
| 6. Medidas de atención á diversidade | 13 |
| 7.1. Concreción dos elementos transversais | 13 |
| 7.2. Actividades complementarias | 14 |
| 8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro | 15 |
| 8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora | 16 |
| 9. Outros apartados | 16 |

1. Introdución

A presente Programación Didáctica (PD) está enmarcada no 155/2022 do 15 de setembro polo que se establece a ordenación e o currículo da educación primaria na Comunidade Autónoma de Galicia, e o seu obxectivo é desenvolver e adaptar á realidade deste centro os preceptos neste recollidos.

As actividades na materia Música e Danza xogan un importante papel dentro do currículo, pois inclúen aspectos cognitivos, afectivos e sensoriomotrices, favorecendo así o desenvolvemento integral da persoa. Os tres ámbitos son traballados a partir dun enfoque múltiple: comprensión de aspectos musicais, realización de actividades de percepción e motricidade (audición, danza...) e interiorización de actitudes concretas (socialización, actitude crítica, educación do gusto...). A integración da educación musical no currículo de primaria está relacionada coas ideas expostas por pedagogos musicais como Dalcroze, Kodàly, Orff, Willems e Martenot, que defendían a idea de que todas as persoas temos capacidade para aprender música.

A educación musical contribúe de maneira decisiva a que os alumnos e alumnas exerciten a súa capacidade creadora, a súa autonomía, a súa socialización e a súa sensibilidade emocional e afectiva, sendo esta aprendizaxe tanto más efectiva canto antes comece. Por iso resulta altamente positivo o ensino da música xa desde a etapa de educación infantil.

A educación musical forma ao alumnado para a observación, análise e apreciación da realidade sonora xeral e, en particular, a musical, ao tempo que os prepara para gozar e participar das diferentes manifestacións deste campo, tanto na escoita activa coma na interpretación e creación propias. A intención é traballar un conxunto de destrezas que permitan apreciar e disfrutar a realidade sonora (percepción e análise), así como realizar creacións propias (creación e interpretación). Darase especial importancia a dotar ao alumnado de técnicas axeitadas para que saibam expresarse mediante a música e o corpo como outro medios de comunicación e expresión.

2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias

| Obxectivos | CCL | CP | STEM | CD | CPSAA | CC | CE | CCEC |
|--|-----|----|------|----|-------|----|----|------|
| OBX1 - Descubrir propostas artísticas musicais e dancísticas de diferentes xéneros, estilos, épocas e culturas, a través da recepción activa, para desenvolver a curiosidade, a sensibilidade, o pensamento crítico e o respecto pola diversidade. | | 3 | 1 | 1 | 3 | 1 | 2 | 1-2 |
| OBX2 - Recoñecer os elementos básicos específicos da linguaxe musical, a través da percepción e da análise de diferentes fragmentos e obras, para chegar á comprensión das diferentes manifestacións culturais e artísticas. | | | | | | | | 2-4 |
| OBX3 - Investigar acerca de diferentes manifestacións culturais e artísticas musicais e dancísticas e os seus contextos, empregando diversas canles, medios e técnicas, para gozar delas, entender o seu valor, así como desenvolver o pensamento e unha sensibilidade artística propia. | 3 | 3 | 2 | 1 | 4 | 3 | | 1-2 |

| Obxectivos | CCL | CP | STEM | CD | CPSAA | CC | CE | CCEC |
|---|------------|-----------|-------------|-----------|--------------|-----------|-----------|-------------|
| OBX4 - Expresar e comunicar de maneira creativa ideas, sentimientos e emocions, experimentando coas posibilidades do son, do corpo e dos medios dixitais, para producir obras propias. | 1 | | | 2 | 1-5 | 2 | 1 | 3-4 |
| OBX5 - Participar do deseño, elaboración e difusión de producções culturais e artísticas musicais e dancísticas, tanto individuais coma colaborativas, poñendo en valor o proceso e asumindo diferentes roles na consecución dun resultado final, para desenvolver a creatividade, a noción de autoría e o sentido de pertenza. | 1-5 | 3 | 3 | | | 2 | 1-3 | 3-4 |

Descripción:
3.1. Relación de unidades didácticas

| UD | Título | Descripción | % Peso materia | Nº sesiones | 1º trim. | 2º trim. | 3º trim. |
|-----------|--------------------------------|--|-----------------------|--------------------|-----------------|-----------------|-----------------|
| 1 | Un mundo musical por descubrir | Esta UD pretende iniciar as bases da clase para este primeiro curso e para o resto da etapa: a dinámica e rutina de traballo, a responsabilidade e coidado do material, etc. Ao mesmo tempo traballarse a recepción activa e a vivencia na iniciación dos elementos básicos da música e da danza con diferentes agrupamentos. As conmemoracións do Magosto, Samaín e Nadal cobrarán especial relevancia. | 30 | 13 | X | | |
| 2 | Toco, canto, bailo e moito más | Esta UD2 prosigue o traballado na UD1, reforzando e ampliando paulatinamente os elementos da música e da danza. O Día da Paz, o Entroido e o Día Internacional da Muller traballaranse de xeito máis destacado. | 30 | 11 | | X | |
| 3 | A música é un gran xogo | A UD3 desenvolve un pouquín máis os elementos de contidos das UD1 e UD2, mais o seu propósito será, fundamentalmente, afianzar e ampliar un pouco sobre os xa traballados. Os maios e as Letras Galegas serán de especial relevancia. | 40 | 11 | | | X |

3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas

| UD | Título da UD | Duración |
|-----------|--------------------------------|-----------------|
| 1 | Un mundo musical por descubrir | 13 |

| Criterios de avaliación | Mínimos de consecución | IA | % |
|--|--|-----------|----------|
| CA1.1 - Descubrir propostas artísticas musicais de diferentes xéneros, estilos, épocas e culturas, a través da recepción activa e mostrando curiosidade e respecto por estas. | Descubrir diferentes propostas artísticas mostrando respeito por elas. | TI | 100 |
| CA1.3 - Iniciarse no recoñecemento visual e auditivo e na clasificación e descripción de elementos fundamentais da música e da linguaxe musical. | Recoñecer visual e auditivamente algúns elementos fundamentais da música e a linguaxe musical. | | |
| CA1.6 - Manifestar respeito na recepción de propostas artísticas musicais, interiorizando as normas elementais de comportamento e mostrando unha actitude positiva. | Manifestar respeito na recepción de propostas artísticas musicais, interiorizando as normas elementais de comportamento e mostrandi unha actitude positiva. | | |
| CA2.2 - Expressar de forma guiada ideas, sentimientos e emocións a través de manifestacións musicais sinxelas, experimentando coas diferentes linguaxes e instrumentos ao seu alcance. | Expressar de forma guiada sentimientos e emocións a través de manifestacións sinxelas. | | |
| CA2.6 - Compartir as experiencias creativas musicais, gozando e explicando o proceso e o resultado final obtido. | Compartir experiencias creativas musicais. | | |
| CA2.7 - Manifestar respeito na realización de actividades, interiorizando as normas elementais de comportamento e mostrando unha actitude positiva e empática cara á expresión de ideas, sentimientos e emocións dos demais. | Manifestar respeito na realización de actividades, interiorizando normas elementais de comportamento e mostrando unha actitude positiva e empática cara á expresión de ideas, sentimientos e emocións dos demais. | | |
| CA3.1 - Descubrir propostas artísticas escénicas e performativas de diferentes xéneros, estilos, épocas e culturas, a través da recepción activa e mostrando curiosidade por estas. | Descubrir propostas artísticas escénicas e performativas de diferentes estilos, épocas e culturas. | | |
| CA3.5 - Manifestar respeito na recepción de propostas artísticas escénicas e performativas, interiorizando as normas elementais de comportamento e mostrando unha actitude positiva. | Manifestar respeito na recepción de propostas artísticas escénicas e performativas, interiorizando as normas elementais de comportamento e mostrando unha actitude positiva. | | |
| CA4.6 - Manifestar respeito na creación e interpretación de propostas artísticas escénicas e performativas, interiorizando as normas elementais de comportamento e mostrando unha actitude positiva e empática cara á expresión das ideas, sentimientos e emocións dos demais. | Manifestar respeito na creación e interpretación de propostas artísticas escénicas e performativas, interiorizando as normas elementais de comportamento e mostrando unha actitude positiva e empática cara á expresión das ideas, sentimientos e emocións dos demais. | | |

| Criterios de avaliação | Mínimos de consecución | IA | % |
|---|---|----|---|
| CA4.2 - Expresar de forma guiada ideas, sentimientos e emocións a través de manifestacións artísticas escénicas e performativas sinxelas, experimentando coas diferentes linguaxes e instrumentos ao seu alcance. | Expresar de forma guiada ideas, sentimientos e emocións a través de manifestacións artísticas escénicas e performativas sinxelas. | | |
| CA4.5 - Compartir as experiencias creativas, gozando e explicando o proceso e o resultado final obtido. | Compartir as experiencias creativas. | | |

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

| Contidos |
|--|
| <ul style="list-style-type: none"> - Estratexias básicas de recepción activa. - A voz e os instrumentos musicais: estratexias de discriminación visual e auditiva básica de instrumentos, familias e agrupacións. Obxectos sonoros e instrumentos caseiros presentes na contorna do alumnado. - Normas elementais de comportamento e actitude positiva na recepción de propostas musicais. O silencio como elemento e condición indispensable para manter a atención durante a audición. - Normas elementais de comportamento e actitude positiva na creación e interpretación de propostas musicais. O silencio como elemento e condición indispensable durante a creación e a práctica musical. - Estratexias básicas de recepción activa. - Manifestacións elementais vinculadas á expresión corporal e ás artes escénicas e performativas de diferentes correntes estéticas, procedencias e épocas producidas por creadoras e creadores locais, rexionais e nacionais. Respecto e valoración destas desde - Normas elementais de comportamento e actitude positiva na recepción de propostas vinculadas coa expresión corporal e dramática en diferentes espazos culturais e artísticos. O silencio como elemento e condición indispensable para manter a atención durante - Normas elementais de comportamento e actitude positiva na creación e interpretación de propostas vinculadas coa expresión corporal e dramática. |

| UD | Título da UD | Duración |
|----|--------------------------------|----------|
| 2 | Toco, canto, bailo e moito más | 11 |

| Criterios de avaliação | Mínimos de consecución | IA | % |
|--|---|----|-----|
| CA1.4 - Desenvolver e aplicar a capacidade de procura guiada de información sobre manifestacións culturais e artísticas musicais, de maneira básica e guiada, a través de canles e medios de acceso sinxelos, de forma individual e colaborativa. | Desenvolver e aplicar a capacidade de procura guiada de información sobre manifestacións culturais e artísticas musicais, de maneira básica e guiada, de forma individual e colaborativa. | | |
| CA1.5 - Iniciarse na identificación do significado de distintas manifestacións culturais e artísticas musicais que forman parte do patrimonio de diversas contornas, compartindo sensacións, indicando as canles, medios e técnicas empregados e identificando diferenzas e similitudes. | Iniciarse na identificación do significado de distintas manifestacións culturais e artísticas musicais que forman parte do patrimonio de diversas contornas. | TI | 100 |

| Criterios de avaliação | Mínimos de consecución | IA | % |
|---|---|----|---|
| CA1.6 - Manifestar respecto na recepción de propostas artísticas musicais, interiorizando as normas elementais de comportamento e mostrando unha actitude positiva. | Manifestar respecto na recepción de propostas artísticas musicais, interiorizando as normas elementais de comportamento e mostrando unha actitude positiva. | | |
| CA2.3 - Iniciarse na utilización dos elementos fundamentais da linguaxe musical para interpretar propostas musicais básicas vocais e instrumentais a través da vivencia destes. | Iniciarse na utilización dos elementos fundamentais da linguaxe musical. | | |
| CA2.5 - Tomar parte no proceso cooperativo de creación de producións culturais e artísticas, utilizando elementos básicos da linguaxe musical. | Tomar parte no proceso cooperativo de creación de producións culturais e artísticas. | | |
| CA2.7 - Manifestar respecto na realización de actividades, interiorizando as normas elementais de comportamento e mostrando unha actitude positiva e empática cara á expresión de ideas, sentimentos e emocións dos demais. | Manifestar respecto na realización de actividades, interiorizando as normas elementais de comportamento e mostrando unha actitude positiva e empática cara á expresión de ideas, sentimentos e emocións dos demais. | | |
| CA3.4 - Iniciarse na identificación do significado de distintas manifestacións culturais e artísticas escénicas e performativas que forman parte do patrimonio de diversas contornas, compartindo sensacións, indicando as canles, medios e técnicas empregados e identificando diferenzas e similitudes. | Iniciarse na identificación do significado de distintas manifestacións culturais e artísticas escénicas e performativas que forman parte do patrimonio de diversas contornas. | | |
| CA3.5 - Manifestar respecto na recepción de propostas artísticas escénicas e performativas, interiorizando as normas elementais de comportamento e mostrando unha actitude positiva. | Manifestar respecto na recepción de propostas artísticas escénicas e performativas, interiorizando as normas elementais de comportamento e mostrando unha actitude positiva. | | |
| CA4.6 - Manifestar respecto na creación e interpretación de propostas artísticas escénicas e performativas, interiorizando as normas elementais de comportamento e mostrando unha actitude positiva e empática cara á expresión das ideas, sentimentos e emocións dos demais. | Manifestar respecto na creación e interpretación de propostas artísticas escénicas e performativas, interiorizando as normas elementais de comportamento e mostrando unha actitude positiva e empática cara á expresión das ideas, sentimentos e emocións dos demais. | | |
| CA4.4 - Tomar parte no proceso cooperativo de creación de producións culturais e artísticas escénicas e performativas, utilizando elementos básicos da expresión corporal. | Tomar parte no proceso cooperativo de creación de producións culturais e artísticas escénicas e performativas. | | |

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

| Contidos |
|--|
| <ul style="list-style-type: none"> - O tempo e o carácter: recoñecemento de mostras básicas e contrastantes e iniciación á súa capacidade de relación. - O pulso e o acento como núcleo esencial do ritmo. O compás binario. - Propostas musicais de diferentes correntes estéticas, procedencias e épocas producidas por creadoras e creadores locais, rexionais e nacionais. Respecto e valoración destas desde unha perspectiva de xénero. - Normas elementais de comportamento e actitude positiva na recepción de propostas musicais. O silencio como elemento e condición indispensable para manter a atención durante a audición. |

Contidos

- Construcción asistida de obxectos sonoros e instrumentos sinxelos con materiais da contorna, especialmente de reciclaxe, e exploración das súas posibilidades sonoras.
- Linguaxes musicais básicas: iniciación no seu coñecemento e aplicación dos seus conceptos elementais na interpretación de propostas musicais básicas vocais e instrumentais.
- Normas elementais de comportamento e actitude positiva na creación e interpretación de propostas musicais. O silencio como elemento e condición indispensable durante a creación e a práctica musical.
- Normas elementais de comportamento e actitude positiva na recepción de propostas vinculadas coa expresión corporal e dramática en diferentes espazos culturais e artísticos. O silencio como elemento e condición indispensable para manter a atención durante
- Técnicas dramáticas e dancísticas elementais.
- Capacidades expresivas e creativas básicas da expresión corporal e dramática.
- Normas elementais de comportamento e actitude positiva na creación e interpretación de propostas vinculadas coa expresión corporal e dramática.

| UD | Título da UD | Duración |
|-----------|-------------------------|-----------------|
| 3 | A música é un gran xogo | 11 |

| Criterios de avaliación | Mínimos de consecución | IA | % |
|--|--|-----------|----------|
| CA1.2 - Describir elementos de manifestacións culturais e artísticas musicais seleccionadas, comezando por aquelas más próximas, explorando as súas características e iniciándose no emprego do vocabulario específico básico destas. | Describir elementos de manifestacións culturais e artísticas musicais seleccionadas, iniciándose no emprego do vocabulario específico básico destas. | TI | 100 |
| CA1.6 - Manifestar respecto na recepción de propostas artísticas musicais, interiorizando as normas elementais de comportamento e mostrando unha actitude positiva. | Manifestar respecto na recepción de propostas artísticas musicais, interiorizando as normas elementais de comportamento e mostrando unha actitude positiva. | | |
| CA2.1 - Producir obras propias de maneira guiada, utilizando algunas das posibilidades expresivas do corpo, o son, a imaxe e os medios dixitais básicos, con curiosidade, interese e gozo e mostrando confianza nas capacidades propias. | Producir obras propias de maneira guiada, utilizando algunas das posibilidades expresivas do corpo e o son, con curiosidade, interese e gozo e mostrando confianza nas capacidades propias. | | |
| CA2.4 - Participar de maneira guiada no deseño de producións musicais elementais, traballando de forma colaborativa a través dun enfoque coeducativo baseado na igualdade e no respecto á diversidade. | Participar de maneira guiada en producións musicais elementais, traballando de forma colaborativa a través dun enfoque coeducativo baseado na igualdade e no respecto á diversidade. | | |
| CA2.7 - Manifestar respecto na realización de actividades, interiorizando as normas elementais de comportamento e mostrando unha actitude positiva e empática cara á expresión de ideas, sentimientos e emocións dos demais. | Manifestar respecto na realización de actividades, interiorizando as normas elementais de comportamento e mostrando unha actitude positiva e empática cara á expresión de ideas, sentimientos e emocións dos demais. | | |

| Criterios de avaliação | Mínimos de consecución | IA | % |
|---|---|----|---|
| CA3.2 - Describir elementos de manifestacións culturais e artísticas escénicas e performativas seleccionadas, comezando por aquelas más próximas, explorando as súas características e iniciándose no emprego do vocabulario específico básico destas. | Describir elementos de manifestacións culturais e artísticas escénicas e performativas seleccionadas, iniciándose no emprego do vocabulario específico básico destas. | | |
| CA3.3 - Desenvolver e aplicar a capacidade de procura de información sobre manifestacións culturais e artísticas escénicas e performativas, de maneira básica e guiada, a través de canles e medios de acceso sinxelos, de forma individual e colaborativa. | Desenvolver a capacidade de procura de información sobre manifestacións culturais e artísticas escénicas e performativas, de maneira básica e guiada de forma individual e colaborativa. | | |
| CA3.5 - Manifestar respecto na recepción de propostas artísticas escénicas e performativas, interiorizando as normas elementais de comportamento e mostrando unha actitude positiva. | Manifestar respecto na recepción de propostas artísticas escénicas e performativas, interiorizando as normas elementais de comportamento e mostrando unha actitude positiva. | | |
| CA4.1 - Producir obras propias de maneira guiada, utilizando algunas das posibilidades expresivas do corpo, o son, a imaxe e diferentes ferramentas de expresión artística, incluídos os medios dixitais básicos, con curiosidade, interese e gozo e mostrando confianza nas capacidades propias. | Producir obras propias de maneira guiada, utilizando algunas das posibilidades expresivas do corpo e o son, con curiosidade, interese e gozo e mostrando confianza nas capacidades propias. | | |
| CA4.6 - Manifestar respecto na creación e interpretación de propostas artísticas escénicas e performativas, interiorizando as normas elementais de comportamento e mostrando unha actitude positiva e empática cara á expresión das ideas, sentimientos e emocións dos demás. | Manifestar respecto na creación e interpretación de propostas artísticas escénicas e performativas, interiorizando as normas elementais de comportamento e mostrando unha actitude positiva e empática cara á expresión das ideas, sentimientos e emocións dos demás. | | |
| CA4.3 - Participar de maneira guiada no deseño de producións escénicas e performativas elementais, traballando de forma colaborativa a través dun enfoque coeducativo baseado na igualdade e no respecto á diversidade. | Participar de maneira guiada no deseño de producións escénicas e performativas elementais, traballando de forma colaborativa a través dun enfoque coeducativo baseado na igualdade e no respecto á diversidade. | | |

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

| Contidos |
|--|
| <ul style="list-style-type: none"> - O son e as súas calidades básicas: discriminación auditiva, clasificación e representación básicas de diversidade de sons e liñas melódicas breves e sinxelas a través de diferentes grafías non convencionais, e iniciación gradual nas convencionais. - Vocabulario específico básico de música. - Normas elementais de comportamento e actitude positiva na recepción de propostas musicais. O silencio como elemento e condición indispensable para manter a atención durante a audición. - Práctica instrumental, vocal e corporal: aproximación á experimentación, exploración creativa e lúdica e interpretación a partir das súas posibilidades sonoras e expresivas. - Valoración e interese, tanto do proceso coma do produto final, en producións musicais. - Normas elementais de comportamento e actitude positiva na creación e interpretación de propostas musicais. O silencio como elemento e condición indispensable durante a creación e a práctica musical. |

Contidos

- Vocabulario específico básico das artes escénicas e performativas.
- Normas elementais de comportamento e actitude positiva na recepción de propostas vinculadas coa expresión corporal e dramática en diferentes espazos culturais e artísticos. O silencio como elemento e condición indispensable para manter a atención durante
- O corpo e as súas posibilidades motrices: interese na experimentación e exploración a través de execucións individuais e grupais sinxelas vinculadas co movemento, coa danza, coa dramatización e coa representación teatral como medio de expresión e diversió
- Valoración e interese, tanto do proceso coma do produto final, en producións escénicas e performativas.
- Normas elementais de comportamento e actitude positiva na creación e interpretación de propostas vinculadas coa expresión corporal e dramática.

4.1. Concreciones metodolóxicas

No tocante ao aspecto metodolóxico, a presente PD remítense en primeira instancia ás liñas de actuación reflectidas no currículo, as cales se levarán ao longo das diferentes sesións da materia.

As diferentes UD permitirán, no seu conxunto, o traballo da totalidade dos contidos do currículo, así como dos elementos transversais, dos obxectivos da etapa e están pensadas para a consecución do logro de cada un dos criterios de avaliación (CA) establecidos, ou, alomenos, os mínimos de consecución correspondentes, así como para a progresiva adquisición das competencias clave correspondentes de cara ao perfil de saída do alumnado ao remate da educación primaria.

Perseguírase un modelo construtivo á hora de adquirir aprendizaxes para conseguir a aprendizaxe significativa. Para iso, deberemos:

- Partir do nivel de desenvolvemento do alumnado e das súas aprendizaxes previas.
- Construír aprendizaxe significativa a través da mobilización dos seus coñecementos previos e da memorización comprensiva.
- Posibilitar a aprendizaxe significativa ós alumnos e alumnas por si sos.
- Proporcionar situacións nas que os alumnos e alumnas actualicen os seus coñecementos.
- Proporcionar situacións de aprendizaxe co fin de que resulten motivadoras, é dicir, que teñen sentido para o alumnado.

A acción educativa procurará a integración das distintas experiencias e aprendizaxes do alumnado e terá en conta os seus diferentes ritmos e estilos de aprendizaxe, favorecendo a capacidade de aprender por si mesmo e promovendo o traballo cooperativo e en equipo. Poñerase especial atención na atención á diversidade do alumnado, na prevención de dificultades de aprendizaxe e na posta en práctica de mecanismos de reforzo tan pronto como se detecten esas dificultades.

Para unha adquisición eficaz das competencias e a súa integración efectiva no currículo, deberán deseñarse actividades de aprendizaxe integradas que lle permitan ao alumnado avanzar cara aos resultados de aprendizaxe de máis dunha competencia ao mesmo tempo. Dende a área de Educación Musical se colaborará no desenvolvemento de proxectos e tarefas doutras áreas, garantindo a interdisciplinariedade.

Impulsarase excepcionalmente o carácter práctico da materia atendendo especialmente á expresión e á creatividade, así como ao traballo activo e participativo.

- Expresión vocal e canto: a través do canto colectivo, ó unísono e iniciándose cara a polifonía nos cursos más elevados.
- Expresión instrumental: a través acompañamentos instrumentais con PC-PAI-PAD e de harmonizacións e acompañamentos instrumentais das cancións que aprenden nas distintas actividades.
- Expresión rítmica e movemento: a través de danzas e coreografías, e movemento musical, nas que se traballan diversos aspectos musicais: pasos básicos, movementos adecuados ó compas, Improvisación e coreografía.
- Lectura e escritura musicais: É fundamental que coñezan o código musical, pois atoparán numerosas vantaxes e

gratificacións á hora da práctica instrumental e vocal.

- Educación audioperceptiva: As gravacións convértense nun material cotiá na aula, pero sen descoida-la experiencia en vivo do fenómeno musical a través da práctica dos alumnos e tamén do mestre/a, intentando achegar o máximo posible aos alumnos/as á música en vivo e conseguir saídas ou asistencia a concertos didácticos.

Contacto con outras metodoloxías

Método "Orff", para traballa-lo sentido do ritmo con emprego de instrumentos de percusión ou ao traballar danzas do mundo.

Método "Kodaly", intensifica a formación auditivo-vocal dentro da escala pentatónica, a lectura directa de patróns rítmicos ou as sílabas rítmicas..

Método "Dalcroze" que parte do ritmo como ximnasia rítmica musical á que dá unha expresión plástica.

Método "Willens" , para traballar os distintos aspectos musicais, partindo sempre da experiencia do alumnado a través do desenvolvemento sensorial, con exercicios de percepción e recoñecemento dos parámetros do son.

Jos Wuytack: Musicograma e os esquemas de pregunta e resposta.

Murray Schafer: Reflexión sobre o entorno sonoro e a dicotomía ruido silencio, así como todo o que ten que ver coa experimentación.

En relación á distribución do espazo, as clases de música deste curso serán impartidas na aula do andar baixo habilitada para tal. O espazo formúlase intentando acrecentar a interacción grupal e o traballo cooperativo, a autonomía do alumnado e a adaptabilidade a diferentes espazos (poderemos aproveitar espazos alleos á propia aula (a aula de música do 2º andar (sempre e cando estea dispoñible), patio...), sempre e cando as inclemencias meteorolóxicas o permitan e a mestra o considere oportuno.

4.2. Materiais e recursos didácticos

| Denominación |
|--|
| Instrumentos de percusión de altura indeterminada (PAI) |
| Ordenador: con diferentes aplicacións e programas. |
| Altofalantes conectados ao ordenador e proxector |
| Estoxo e carpeta (que teñen na aula de referencia) |
| Material diverso (teas, aros, musicogramas, xogos musicais...) |
| Bibliografía e discografía variada |

As clases de música de infantil, 1º ,2º e 3º cursos de educación primaria, realízanse nunha aula dispoñible para tal fin no andar baixo. A razón fundamental é que a aula de música "oficial" está no segundo andar do centro, polo que podendo contar con esta aula, gañamos en tempo e sobre todo en seguridade de non ter que ir cos máis pequenos polas escaleiras , ademais de que hai horas que coincidiríamos cos rapaces de ESO)

Nesta aula do baixo, contamos con variados e suficientes recursos e materiais, polo que non vai en ningún momento en detrimento do traballo musical co alumnado.

Contamos tamén con suficientes instrumentos, o cal permite que todo o alumnado poida tocar á vez sen necesidade de ter que establecer quendas rotatorias.

Como a maioría das actividades son xogos, danzas e actividades que requieren espazo, a aula é bastante diáfana, non tendo mesas de traballo. Só temos cadeiras apilables no fondo da aula.

No caso de facer traballo escrito, quedamos ese día ou días na aula de referencia, onde terán a súa carpeta a4 para gardar as fichas e o seu estoxo co material preciso que se lles pediu a principio de curso.

O ordenador de aula funciona ben e está conectado ao proxector e aos altofalantes.

5.1. Procedemento para a avaliación inicial

Nas primeiras sesións ao comezo do curso levarase a cabo unha avaliación inicial a través de xogos/ cancións... (que traballen os aspectos vocal, corporal, motriz e aspectos como a capacidade de recepción, actitude, etc...) para saber o punto de partida no que debemos comenzar a traballar co alumnado, tendo en conta o alumnado do centro (do cal a persoa docente desta materia é máis coñecedora ao formar parte do equipo docente de infantil o curso anterior) e ao alumnado de nova incorporación, do cal só hai referencias previas dos informes individualizados

Segundo os datos obtidos, reflectirase de ser o caso, a necesidade de reforzos ou apoios que axuden ao alumnado a acadar os obxectivos propostos.

5.2. Criterios de cualificación e recuperación

Pesos dos instrumentos de avaliación por UD:

| Unidade didáctica | UD 1 | UD 2 | UD 3 | Total |
|-----------------------|------|------|------|-------|
| Peso UD/ Tipo Ins. | 30 | 30 | 40 | 100 |
| Táboa de indicadores | 100 | 100 | 100 | 100 |

Criterios de cualificación:

Se levará un rexistro cunhas escalas de valoración, xa que un gran número delas son de observación.

O 100% da nota obterase do xeito seguinte:

60% a parte práctica e escrita (a proba escrita é unha das opcións posibles dentro das táboas de indicadores)
 40% actitude de cara á materia.

Cando a cualificación obtida, tanto trimestral como final, for un resultado con decimais, por defecto aplicarase o seguinte:

- se o decimal está entre 0 e 49 o número da nota enteira será o mesmo que sen decimais.
- se o decimal está entre 5 e 99 o numero enteiro redondearase para o inmediatamente superior.

En calquera caso, se por análise da persoa docente e/ou o conxunto da Xunta de Avaliación, a progresión do alumnado argumenta a este/a/s a conveniencia de non aplicar o anterior por defecto, atendendo a razóns pedagóxicas, isto será o que prevalecerá.

Criterios de recuperación:

Aquel alumnado que non tivese acadado os mínimos de consecución de cada CA ó final de cada UD poderá recuperarlos ao final de cada trimestre. Isto tería lugar na semana ou semanas previas ao final de cada trimestre.

O procedemento será o seguinte:

-Comunicación disto á persoa titora e á familia a través de correo electrónico, chamada telefónica, axenda do alumnado e/ou do Abalar. Nesta especificarase aquel/es mínimo/s de consecución que se precisa/n acadar, o que corresponda para tal fin.

-Ademais, de especial importancia e interese resultará trasladar esta información ao alumnado: isto farase de xeito individual e entregándolle unha folla que recollerá o que precisa realizar para acadar ese/s mínimo/s de consecución,

explicándolle isto verbalmente e resolvéndolle as posibles dúbidas ao respecto.

Se este/s mínimo/s de consecución non fose/n acadado/s trimestralmente isto poderá ser recuperado de cara á avaliación final. De ser así cómpre diferenciar entre dous aspectos:

- Se se trata de algo más ben específico (por ex.: un traballo a entregar) seguirá o mesmo procedemento referido anteriormente e terá lugar durante a primeira quincena de xuño.
- Se se trata dun aspecto de adquisición meramente progresivo (por ex.: coñecementos de linguaxe musical ou cuestións técnicas interpretativas) que non foi quen de superar anteriormente pero si no último trimestre darase isto por superado.

6. Medidas de atención á diversidade

Non todo o alumnado aprende da mesma forma e ao mesmo ritmo; por iso poderanxe realizarar actividades a distinto nivel:

- Actividades programadas para todo o grupo.
- Actividades de reforzo para o alumnado cun ritmo lento e baixa comprensión.
- Actividades de ampliación para alumnado cunha aprendizaxe más rápida.
- Xogos/Actividades adicionais para aquel alumnado que remate antes as tarefas individuais/grupais da clase.

Porase énfase na detección temperá do alumnado que requira unha atención educativa diferente á ordinaria. Así, tan rápido como se detecten dificultades específicas de aprendizaxe farase un reforzo educativo coa finalidade de que este adquira os coñecementos necesarios para continuar o proceso educativo.

No caso de alumnado que permaneza un ano máis no mesmo curso seguiranse as indicacións establecidas no artigo 50 da ORDE do 8 de setembro de 2021 (de atención á diversidade) en relación ao preceptivo plan específico de reforzo, que ten como obxectivo atender e superar as dificultades que levaron a esa repetición.

Tamén se farán adaptacións curriculares significativas para aquel alumnado que presente necesidades educativas especiais onde se reducen e simplifican actividades mostrando a forma más sinxela de facelas.

No caso de alumnado con altas capacidades ampliaranse, de ser preciso, os seus coñecementos debido á súa rápida aprendizaxe.

Alumnado inmigrante con descoñecemento da lingua, tanto de incorporación ao inicio como ao longo do curso: solicitarase levar a cabo a valoración polo Departamento de Orientación para determinar o nivel curricular. Establecerase Reforzo Educativo, para o cal non se precisa necesariamente intervención do DO; e traballarase máis na comunicación a través de imaxes e no aspecto da recepción e na vivencia musical e da danza, de xeito que se faga fincapé na integración e inclusión deste tipo de alumnado co resto da clase.

Dependendo da casuística do alumnado cómpre ter en conta diferentes consideracións á hora de traballar, tales como: emprego de grañas de maior tamaño; priorización dalgunha das linguaxes e/ou formas de comunicación: oral, escrita, visual e/ou táctil; énfase no aspecto de índole globalizador, coordinación motriz, lateralidade e/ou psicomotricidade fina, etc.

Con alumnado con deficiencias auditivas cómpre diferenciar entre aquel hipoacústico, co que o obxecto principal é desenvolver a audición no marco da linguaxe, interpretando cancións e exercicios de discriminación auditiva, e o anacusíco, co que o obxectivo principal é estimular a lectura de beizos e axudarles na súa toma de conciencia sobre as vibracións que o rodean, para o que se lle axudará, sobre todo, cos sentidos da vista e do tacto.

7.1. Concreción dos elementos transversais

| | UD 1 | UD 2 | UD 3 |
|----------------------------|------|------|------|
| ET.1 - Comprensión lectora | X | X | X |

| | UD 1 | UD 2 | UD 3 |
|--|------|------|------|
| ET.2 - Expresión oral e escrita | X | X | X |
| ET.3 - Comunicación audiovisual | X | X | X |
| ET.4 - Competencia dixital | X | X | X |
| ET.5 - Fomento da creatividade, espírito científico e do emprendemento | X | X | X |
| ET.6 - Igualdade entre homes e mulleres | X | X | X |
| ET.7 - Educación para a apaz e prevención e resolución pacífica de conflitos | X | X | X |
| ET.8 - Educación para o consumo responsable e desenvolvemento sostible | X | X | X |
| ET.9 - Educación para a saúde | X | X | X |

Observacións:

En xeral, a área de música é unha área na que a transversalidade é unha característica propia da materia.

Todas as actividades se poden relacionar dun ou outro xeito cos elementos transversais.

A creatividade e o emprendemento é un pilar fundamental na área de música, con actividades por exemplo, de improvisación, de invención de partituras...

Todas as actividades relacionadas coa linguaaxe musical, así como as cancións, as lecturas e debuxos rítmicos... traballan a expresión oral e escrita e tamén a comunicación audiovisual.

Todas as actividades que se realizan tendo de por medio unha aplicación, unha proxección... traballan a comunicación audiovisual e tamén a competencia dixital.

A igualdade entre homes e mulleres e a educación para a apaz e prevención e resolución pacífica de conflitos se traballan en todas as actividades que se levan a cabo nas sesións de música. Facemos especial fincapé en que todos e todas somos iguais, coas mismas oportunidades, os mesmos dereitos e deberes, así como no respecto e na actitude comprensiva de cara ás opinións propias e alleas e de axuda entre eles e elas cando sexa preciso.

Trabállase máis específicamente arredor do día da paz e a non violencia.

O elemento transversal 8 traballarase a través dos obxectos sonoros e instrumentos sinxelos, con materiais da contorna ou de reciclaxe...

Con actividades de movemento, coordinación, coidado do corpo (relaxación, respiración...), etc... estamos traballando tamén a educación para a saúde.

7.2. Actividades complementarias

| Actividade | Descripción | 1º trim. | 2º trim. | 3º trim. |
|--|--|----------|----------|----------|
| Concerto didáctico na semana da música | Concerto ao que asistimos todos os cursos programado polo concello de Valdoviño. | X | | |
| Concertos, obradoiros, actividades musicais que poidan xurdir ao longo do curso. | Actividades musicais que se nos poidan ofertar ao longo do curso. | X | X | X |

| Actividade | Descripción | 1º trim. | 2º trim. | 3º trim. |
|--|--|-----------------|-----------------|-----------------|
| Festividades nas que se poida participar dende a área de música (día da Paz, maios, fin de curso...) | Actividades que se poidan traballar dende a área de música en relación ás conmemoracións que se celebran no centro | X | X | X |

8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a práctica docente cos seus indicadores de logro

| Indicadores de logro |
|--|
| Adecuación da programación didáctica e da súa propia planificación ao longo do curso académico |
| Adecuouse o deseño das UD ás características e necesidades do alumnado |
| Funcionalidade da PD: revisouse ao longo do curso e foi práctica e útil para acadar os obxectivos propostos. |
| Cumpriuse a temporalización inicialmente establecida |
| Metodoloxía empregada |
| Conseguiuse que os nenos e nenas comprendieran as tarefas resolvendo con claridade, de ser o caso, as dúbihadas plantexadas. |
| Usáronse distintos instrumentos de avaliación. |
| Empregouse a metodoloxía reflectida na PD |
| Organización xeral da aula e o aproveitamento dos recursos |
| Elaborouse o material adecuado para o grupo. |
| Medidas de atención á diversidade |
| Leváronse a cabo as medidas de atención á diversidade e foron efectivas. |
| Clima de traballo na aula |
| Propuxéronse actividades variadas e motivadoras. |
| Conseguiuse a participación activa de todo o alumnado, mantendo o interese e fomentando a súa responsabilidade de cara á materia |
| Coordinación co resto do equipo docente e coas familias ou as persoas titoras legais |
| Apoiouse a implicación das familias co traballo do alumnado. |
| Planificouse a actividade educativa en coordinación con outros mestres e mestras. |

Descripción:

A avaliación do ensino persegue a mellora constante do mesmo. En palabras de Murray Schaffer: "O mestre é un alumno en constante aprendizaxe".

Por iso, avaliaremos a práctica docente tendo en conta estes aspectos:

- As aprendizaxes alcanzadas polo alumnado e os procedementos de avaliación.
- O grao de desenvolvemento da programación didáctica.

- As medidas de atención á diversidade.

- O clima de aula.

- A coordinación co equipo docente e o resto da comunidade educativa.

O obxectivo é garantir a viabilidade e calidade da avaliación perseguindo que sexa válida, útil e fiable.

A avaliación realizarase ao finalizar cada trimestre, e levarase a cabo mediante unha escala de valoración, que é unha lista de indicadores de logro graduados de 1 a 3 (onde 1 será a nota máis baixa e 3 será a nota máis alta) que tratan os aspectos do punto anterior. Ademáis, nesta escala preséntase tamén unha casilla para propostas de mellora, xa que a finalidade da avaliación é unha mellora continua do ensino.

Ao mesmo tempo, o referido seguimento desta funcionalidade da PD, así como o cumprimento da temporalización, o emprego das diferentes metodoloxías e instrumentos de avaliación e as medidas de atención á diversidade faranse a través do propio PROENS, pois estas veñen eíquí recollidas.

8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora

Tralo remate de cada trimestre revisarase a PD. Dita revisión terá en conta os seguintes puntos:

1. Seguimento da PD no apartado correspondente do PROENS:

- Reunións trimestrais do equipo docente da coordinación de ciclo.

- No tocante ás UD: Número de sesións previstas e realizadas.

- Grao de cumprimento da PD con carácter xeral dos indicadores de logro desta.

- Propostas xerais de mellora e outras observacións.

2. Análise da situación no tocante ás dificultades atopadas no alumnado:

Se os resultados fosen positivos continuarase na mesma liña de traballo.

Se os resultados fosen negativos levaranse a cabo propostas de mellora.

Accións de mellora sobre

- As explicacións individualizadas.

- Elaboración de actividades atendendo ás dificultades mostradas.

- Probas de avaliación de distinta dificultade.

- Comentar co alumnado os fallos más significativos dos traballos realizados.

En función do anterior:

- Revisión das necesidades de atención educativa (apoio, reforzo, ACS, etc.)

3. Actividades complementarias (realizadas ou non).

Toda esta información será incluída na memoria final da materia, con especial relevancia nas posibles propostas de mellora para levar a cabo no seguinte curso académico.

9. Outros apartados